



ADACE-Lugo | ADACECO-Coruña | ALENTO-Vigo | RENACER-Ourense | SARELA- Santiago

**RESPOSTA DAS ENTIDADES DE FEGADACE ANTE A MEDIDA ADOPTADA POLA XUNTA DE GALICIA
DE APRAZAMENTO A REAPERTURA DOS CENTROS DE DÍA E OCUPACIONAIS PARA PERSOAS CON
DISCAPACIDADE
ATA O 1 DE SETEMBRO.**

En referencia á decisión da Xunta de Galicia, **comunicada polo Presidente do Goberno Autonómico** o pasado 29 de maio de 2020 trala celebración do Consello da Xunta, no marco do proceso de desescalada cara a "nova normalidade" no seo da crise da COVID19, sobre o freo da reactivación da actividade nos centros de atención diúrna terapéutica e ocupacionais de atención a persoas con discapacidade de Galicia ata o próximo 1 de setembro,

As entidades que conforman a Federación Galega de Dano Cerebral, nomeadamente: ADACE-Lugo, ADACECO-Coruña, ALENTO-Vigo, RENACER-Ourense, SARELA-Santiago, e ante o risco de aumento da morbi/mortalidade do colectivo atendido pola ausencia de atención, manifestamos as seguintes consideracións e preocupacións:

1. A base social do movemento asociativo do dano cerebral en Galicia está composta por máis de **1.800 persoas** (persoas con DCA, familiares, socias e socios, profesionais, e outras persoas colaboradoras)
2. A través dos centros de atención diúrna terapéutica, servizos de rehabilitación ambulatoria, servizos de información, apoio e asesoramento a familias, e programas de respiro, ocio e inclusión social, así como de atención residencial, prestamos atención directa a máis de **1100 persoas con DCA** en toda Galicia e apoiamos a máis de **3000 persoas familiares/coiadoras destas**.
3. Para a prestación dos servizos de atención terapéutica integral en todas as dimensións da persoa e familia con DCA (benestar emocional, benestar físico, benestar material, desenvolvemento persoal, autodeterminación, inclusión social, relacións interpersoais e dereitos individuais e colectivos), cóntase con un equipo multidisciplinar de máis de **100 persoas de diferentes perfís e disciplinas profesionais altamente cualificados e especializados na atención a esta discapacidade**.
4. O dano cerebral adquirido é unha discapacidade que chega logo de unha lesión no cerebro cuxa



ADACE-Lugo | ADACECO-Coruña | ALENTO-Vigo | RENACER-Ourense | SARELA- Santiago

causa é de diversa índole, sendo o ictus a maioritaria (mais do 78% dos casos) e o traumatismo cranio-encefálico a que ocupa o segundo lugar. Existen outras como tumores cerebrais, doenzas metabólicas, infeccións, etc.

As secuelas que provoca son múltiples, heteroxéneas e de diferente gravidade. Xeran distintos niveis de discapacidade segundo a persoa, a gravidade da lesión e a zona afectada. Por todo isto, a **discapacidade orixinada é plural e complexa. Aglutina consecuencias físicas, psíquicas e cognitivas**, cuxa **rehabilitación** e mantemento **esixe unha atención profesional altamente cualificada en centros e recursos especializados**.

5. Por instrución do goberno autonómico, os **centros de atención diurna terapéutica para persoas con DCA non prestan atención desde o día 13 de marzo de 2020**, debido á situación xerada pola epidemia da COVID19, declarada como pandemia o día 30 de marzo de 2020 pola OMS, e a declaración do Estado de Alarma no estado español a día 14 de marzo de 2020, que confirmou este peche en todo o Estado Español. Nestes **80 días de freo da atención ás persoas** con DCA e consecuente provisión de apoio e respiros ás súas **familias**, foron estas as que **asumiron a responsabilidade total dos coidados, o que tamén orixina nas persoas coidadoras un negativo impacto na súa saúde** (física e emocional), así como na súa calidade de vida.
6. **No que respecta ás persoas con DCA**, as profesionais das entidades que as tratan, mediante as accións de apoio e seguimento telemático, teñen detectado nas últimas semanas, un **agravamento das súas secuelas, retroceso nos avances terapéuticos que se tiñan producido, e un deterioro global** (na dimensións físicas, psicolóxicas e cognitivas) que **comprometen** gravemente a súa **calidade de vida e autonomía** pola que con tanto celo se traballa. Sen dúbida, **este deterioro acadará niveis irreversibles de se confirmar a decisión da Xunta de Galicia de manter pechados os centros de atención diurna terapéutica ata o 1 de setembro**, que implicará 6 meses de ausencia de asistencia terapéutica especializada.
7. Por outra banda, **detéctase unha redución altamente preocupante das persoas que; tras recibir a alta hospitalaria por un novo dano cerebral**, e estando na fase subaguda da súa discapacidade, a cal require de maior atención; **son derivadas** polos servizos de neuroloxía dos hospitais galegos e consecuentemente **contactan coas entidades** de dano cerebral para **garantir a continuidade asistencial en todos os niveis de rehabilitación**. O **peche dos servizos prestados nos centros de día ata a data anunciada, dificultará en maior medida o acceso aos recursos especializados e atención inmediata dos novos casos de DCA** que se están producindo durante a crise da COVID19.
8. Neste período desde as **entidades de atención a persoas con DCA foron activados diferentes métodos de intervención** vía telemática e telefónica, que brindan apoio, principalmente



ADACE-Lugo | ADACECO-Coruña | ALENTO-Vigo | RENACER-Ourense | SARELA- Santiago

emocional, ás persoas con DCA e ás súas familias. Esta atención tamén buscou frear o total deterioro físico, conductual e de saúde global, pero **as limitacións desta metodoloxía son evidentes, xa que o principal valor da prestación de servizos ás persoas con DCA nos centros diúrnos terapéuticos é a atención e rehabilitación presencial, directa e activa, que dificilmente pode ser substituída por exercicios ou actividades en liña. Poden ser vías de atención complementarias pero nunca alternativas.**

9. Nos seguimentos a distancia realizados polas profesionais das entidades, nas últimas semanas, tense **consultado tanto ás persoas con DCA como ás familias sobre a súa vontade/ necesidade/ interese de volver á súa actividade nos centros diúrnos de atención terapéutica e servizos de rehabilitación ambulatoria e mais do 65% delas precisa recuperar esta actividade presencial** á maior brevidade posible. Ademais dos graves impactos que o paro da atención está tendo na saúde tanto das persoas afectadas como das cuidadoras, a **necesidade de volver ao traballo e de recuperar os espazos de descanso físico e emocional por parte das familias é acuciante** e torna mais imperiosa esta necesidade.
10. Desde a **orde de peche de recursos de atención a persoas con discapacidade**, e consecuente cese de actividades, catro das cinco entidades que conforman o movemento asociativo do DCA víronse obrigadas a **solicitar para unha parte importante das súas plantillas a situación de ERTE**. Considerando que, segundo o goberno do Estado, a duración dos ERTE será a mesma que a do Estado de Alarma, a decisión de non apertura ata 1 de setembro, coloca nunha **posición de vulnerabilidade laboral máxima ás persoas afectadas, durante o período comprendido entre o fin de Estado de Alarma e a autorización de reactivación dos servizos**, ante a ausencia de alternativa nesta materia por parte da Xunta de Galicia.
11. **A gran maioría das familias**, ante a noticia coñecida o pasado venres 29 de maio, **mostran unha gran preocupación e indignación** ao constatar a desatención que se prolongará por esta decisión. É **fundamental non perder de vista que os centros de atención diúrna terapéutica son moito mais que meros recursos de cuidados e que a súa actividade non se substituirá de ningunha maneira coa figura dunha persoa cuidadora no seu domicilio**.
12. Temos a convicción de que esta decisión foi tomada **en base a criterios científico-médicos**, e seguindo o principio de prudencia que desde o movemento asociativo do DCA tamén levamos aplicando durante toda a crise, e por isto **solicitamos sexan comunicados de maneira transparente, fidedigna e con evidencia científica, de forma que nos permita comprender que a medida ten unicamente un fundamento científico** e tamén trasladala ás familias.
13. E mantendo os **principios de prudencia e responsabilidade que nos caracterizan, adaptándonos**



ADACE-Lugo | ADACECO-Coruña | ALENTO-Vigo | RENACER-Ourense | SARELA- Santiago

ao contexto de desescalada global, e considerando a “**emerxencia terapéutica**” na que se atopan as persoas con DCA e as súas familias, FEGADACE e as cinco asociacións membro, **levamos traballando na elaboración e implantación de un Plan global de Continxencia fronte á COVID19**, así como **dos Protocolos de Actuación Específicos** para a súa prevención en cada asociación **desde o 30 de abril, co horizonte do mes de xuño para reactivación de servizos**. As **medidas organizativas, técnicas e hixiénicas** contempladas nestes documentos e de implantación actual, **garanten a prestación da atención dunha maneira segura**, tanto para as persoas atendidas como para as profesionais; considerando que o risco “cero”, tanto nestes servizos como no resto da sociedade, de contraer infección por SARS-CoV-2 non existe actualmente nin existirá a 1 de setembro.

Témonos **aprovisionado de EPIs** e de outros **materiais de protección e hixiene**, así como **formado en prevención e actuación específica fronte á COVID19** a todas as persoas traballadoras.

Por todo isto, as entidades proveedoras de recursos de atención terapéutica de dano cerebral galegas están preparadas para retomar a actividade dunha maneira gradual, escalonada e segura. Complementariamente, a experiencia positiva de outras entidades da Federación Española de Dano Cerebral que xa reactivaron os seus servizos, logo da autorización das respectivas comunidades autónomas, reforza esta posición de reinicio de actividade.

NESTE CONTEXTO, PROPOMOS E SOLICITAMOS:

- Que se **reconsidere e rectifique a medida publicada pola Xunta de Galicia de retrasar a reactivación dos centros de día e ocupacionais ata o 1 de setembro de 2020**, ou se dean alternativas á mesma, logo de escoitar e consensuar efectivamente coas persoas con discapacidade, neste caso DCA, ás súas familias e ás profesionais das entidades sociais responsables da xestión destes recursos.
- **Que no caso de que isto, por razóns técnicas e médicas** que nos serán esclarecidas, **non sexa posible**, á maior brevidade posible se definan entre a Consellería de Sanidade, a de Política Social e as entidades sociais xestoras dos centros, segundo cada discapacidade, **se definan protocolos e criterios para que as persoas con dano cerebral e as súas familias poidan recibir os servizos e tratamentos terapéuticos de maneira ambulatoria e/ou nos seus domicilios**. As **propostas do movemento asociativo do DCA de Galicia, neste sentido, serían:**



ADACE-Lugo | ADACECO-Coruña | ALENTO-Vigo | RENACER-Ourense | SARELA- Santiago

- a. **Se avalíe de maneira individual a capacidade organizativa e preventiva actual** de cada entidade/ centro de atención terapéutica, a través **da presentación de protocolos de actuación para a prevención da COVID19** en cada recurso asistencial; (ii) que **sexan avaliados polos técnicos de sanidade e política social** pertinentes; (iii) se **emita a conseguinte autorización de actividade** de maneira particular e non globalmente para o sector e (iv) se **realicen as inspeccións/ verificacións oportunas por parte dos técnicos da Xunta** de maneira periódica para asegurar o cumprimento dos criterios establecidos polas autoridades
- b. Que o Administración Autonómica **emita as autorizacións pertinentes**, articulando os mecanismos necesarios (a nivel xurídico e administrativo) **que permitan ás profesionais das entidades de dano cerebral**, prestar **atención domiciliaria ás persoas** que están nunha **“emerxencia terapéutica e social”** (en calquera dos seus ámbitos: físico, conductual, cognitivo, social...), e garantindo que os gastos derivados desta modalidade de prestación da atención poderán ser imputados ás diferentes liñas de financiación conveniadas coas entidades de dano cerebral.
- c. Que se nos **permita reiniciar as actividades terapéuticas de rehabilitación ambulatoria presencial** nos centros co fin de frear o deterioro global que están experimentando as persoas con DCA. Non autorizar esta proposta evidenciaría unha incoherencia co que está autorizándose aos profesionais independentes e do sector privado con ánimo de lucro, xa que os centros e clínicas de fisioterapia, psicoloxía, logopedia, e outras especialidades están funcionando na actualidade.
- d. Que se autorice, **no marco dos programas de promoción da autonomía persoal**, a realización de **actividades de ocio e inclusión social**, fundamentais para trabar as consecuencias do illamento social actual, así como do deterioro físico e psíquico, **en pequenos grupos ou de maneira individual**, tales como camiñadas, sendeirismo, saídas de deporte adaptado, a praia, actividades culturais. Esta proposta estaría aliñada e en coherencia coa celebración dos campamentos de verán cuxa celebración xa foi anunciada polo goberno autonómico; así como con calquera actividade autorizada nesta fase da



ADACE-Lugo | ADACECO-Coruña | ALENTO-Vigo | RENACER-Ourense | SARELA- Santiago

desescalada para calquera persoa.

- e. Que se **autorice o reinicio dos programas e servizos de información, orientación, apoio e asesoramento a familias**, xa que aínda que se estea prestando de maneira telemática a persoas que xa forman parte da base social, nestes momentos de crise sociosanitaria, **tendo en conta a extrema vulnerabilidade do colectivo ao que atendemos, este servizo tórnase mais necesario que nunca** para persoas que están adquirindo esta discapacidade durante este período.
- f. Autorización de reanudación dos **servizos de orientación laboral**, os cales cobran valor prestados de maneira presencial e cuxo funcionamento é imprescindible neste contexto, unha vez que o sector económico se vai reactivando paulatinamente e, as persoas con DCA precisan continuar fortalecendo a súa capacidade de busca de emprego, que contribúa para a súa inclusión social e comunitaria, o que pasa, obrigatoriamente, pola incorporación ao mercado laboral.
- g. Para asegurar o **servizo de transporte** das persoas ás actividades anteriores, e considerando a falta de información sobre o proceder das empresas prestadoras do servizo así como a necesidade de aumentar a frecuencia das viaxes e alteración de rutas para as entidades que prestan o servizo directamente, se **permita que os traslados entre os domicilios e os centros sexan feitos por familiares e/ou taxis de transporte adaptado e se consideren estes gastos subvencionables** nas distintas fontes de financiación existentes coa administración autonómica.
- Finalmente, solicítase concreción oficial e por escrito acerca das seguintes cuestións:
 - i. Duración da suspensión dos contratos de prazas e como se artellará a financiación dos mesmos, unha vez non prevén a apertura ata 1 de setembro ou, no caso de reiniciarse antes, como se reactivarán (globalmente, de maneira parcial, ...), se o Estado de Alarma finaliza previo ao reinicio da actividade.
 - ii. Determinación dos gastos imputables a outras fontes de financiación coa consellería de política social (Convenios Nominativos, Programas IRPF,...) durante



ADACE-Lugo | ADACECO-Coruña | ALENTO-Vigo | RENACER-Ourense | SARELA- Santiago

o tempo que non se formalice a apertura e unha vez finalice o Estado de Alarma no territorio nacional.

E para que así conste aos efectos oportunos asínase o presente escrito en Santiago de Compostela a 2 de xuño de 2020

Mª Ángeles Rozas Domínguez
Presidenta ADACE-Lugo

Mª Carmen Fernández Quiroga
Presidenta ADACECO-Coruña

Gracinda Pampillón Campos
Presidenta ALENTO-Vigo

Mª Dolores Quintas Abadín
Presidenta de RENACER-Ourense

José Balboa Ayán
Presidente de SARELA-
Santiago

Luciano Fernández Pintor
Presidente de FEGADACE